

---

**Janet Davies, *The Welsh Language. A History*. Cardiff, Gwasg Prifysgol Cymru / University of Wales Press. 2014, 208 páxinas.**

---

Data de recepción: 01/04/2015 | Data de aceptación: 15/05/2015

Gales, Gallia, Galiza... Eu xogaba co istas  
verbas como unha nena sabida rubindo às  
Prateirías. A Europa céltiga, atrántica

(Ramón Otero Pedrayo, *Devalar*, 1935)

Vén sendo unha afirmación asaz recorrente aquela que subliña que Europa é un mosaico de linguas e de culturas. Con efecto, a pouco que nos movermos polas nacións e estados que integran o continente, poderemos reparar na ricaz diversidade de idiomas que se verifica comparando os diferentes territorios, na liña do exposto en Baggioni (2004). Moitas linguas e non poucas variedades destas van enformando un minucioso cadro en que, con distintas cores, con diversas tonalidades, se vai detectando a policromía dunha xeografía na cal conviven e sobreviven, nin sempre nas mesmas condicións, esas máis de duascenas claves que facilitan abrimos o mundo, parafraseando as palabras do poeta Manuel María. O galés é unha desas claves e del é que se ocupa a obra de Janet Davies que imos comentar nestas páxinas, *The Welsh Language. A History*, dada a lume recentemente (2014) pola imprensa da Universidade de Gales. Como costuma acontecer noutras circunstancias similares, a vida dunha lingua está intimamente ligada ás vicisitudes históricas que atravesa o país en que inicialmente se emprega: aculturalización e asimilación por parte doutra nación implica, como aconteceu na Galiza, unha ameaza para a sobrevivencia do idioma, ao paso que os procesos migratorios tamén traen consigo que esa lingua poida ser levada a territorios diferentes dos seus orixinais: tal foi o que se produciu co galés, pois, para alén de ser empregue na actualidade en Gales, conta cunha notábel comunidade de falantes na Patagonia (de aí o interese das editoras galesas en publicaren materiais bilingües galés-español e español-galés) e con outros colectivos de diferente magnitude en países como os Estados Unidos ou a Inglaterra.

O libro de Davies perfírase fundamentalmente como unha viaxe histórica desde as orixes do galés, cando foi collendo personalidade propia dentro da rama britónica das linguas celtas (as coñecidas como “celta-*p*”, face ás denominadas como “celta-*q*” ou goidélico, por causa da diferente evolución do *k*<sup>w</sup> indoeuropeo:

galés *pen* / irlandés *ceann* ‘cabeza’, galés *pedwar* / irlandés *cethair* ‘catro’), até á situación actual, ofrecendo ao público lector un achegamento rigoroso ás etapas máis representativas dese idioma. Así as cousas, no primeiro capítulo, intitulado “The Origins of Welsh” (p. 1-13), a autora ocúpase, entre outros temas, da familia das linguas indoeuropeas, en que o galés se acha na póla britónica dos idiomas célticos (xuntamente co bretón, presentemente falado na Bretaña, e co cornuallés ou córnico, extinto este último desde o século XVIII), a influencia do irlandés no galés, o impacto de Roma, a aparición dos reinos anglosaxóns etc. É a época do galés primitivo, tempo en que talvez interese lembrar aquí, xa contra finais do século VI, que, como produto das invasións de anglos, saxóns e xutos que ocupan Britania, moitas tribos da illa se ven obrigadas a abandonárenas; as persoas que fican son chamadas “Welsh” ‘estranxeiras’ na súa propia terra polos pobos invasores e as que a deixan van dirixirse ou ben cara á Armórica (mudándolle o nome, que pasa a se chamar *Bretaña*, no actual Estado francés), ou cara á costa setentrional da Gallaecia, onde fundan ao lado de Mondoñedo, capitaneados segundo algúns traballos polo bispo Mailoc ou Mahiloch, a cidade e bispado de *Britonia* (actual *Bretoña*). Se ben que o nome deste líder relixioso aparece nos documentos do segundo concilio de Braga no ano 572, o certo é que está rodeado da brétema que supón a distancia histórica e a escaseza documental; porén, case non hai dúbidas acerca da etimoloxía de *Bretoña* e das conexións culturais e económicas da costa norte do país coas Illas Británicas nunha etapa tan convulsa canto interesante.

Xa na segunda parte, baixo a epígrafe “Welsh in the Early British Kingdoms” (p. 15-22), Davies vai concedendo atención á influencia das linguas escandinávicas no galés, ao aparecemento da literatura a través das narracións dos *Mabinogi* (datados entre 1050 e 1120, aínda que recollen historias moito anteriores) etc. Este período é normalmente identificado como o tempo do Galés Medio, lingua xa esgazada do britónico e separada territorial e dialectalmente do córnico e do cámbrico (falado no norte da Inglaterra máis extinto xa na Alta Idade Media) como produto das invasións xermánicas a que antes se fixo referencia.

O terceiro capítulo, co título “Welsh in the Middle Ages” (p. 23-31), desenvolve a chegada dos normandos e a conquista de Gales, a proxección que na altura tiña o galés como “language of learning and literature” (p. 26-29) ou, contra o final dese período, xa nos séculos XV-XVI, como o inglés foi abríndose paso devagar, até ao punto de que por volta de 1485, esta lingua, absolutamente minoritaria en Gales, “had already gained a role in official life in Wales” (p. 31). Convén lembrarmos que o inglés conseguiu substituír na propia Inglaterra desde finais do século XV o latín e o francés, linguas socialmente mellor consideradas, e isto tivo como unha das súas repercusións que tamén fose sendo máis utilizado en Gales, onde até ese momento había unha grande tradición escrita en galés. No xeral, vén coincidir esta época, no

seu conxunto, co tempo en que na Galiza tamén comezaba o español a deslocar o galego en determinados ámbitos, iniciándose así o proceso de diglosia e de conflito lingüístico en que aínda nos achamos inmersos. Galés e galego continuaron, como é obvio, a ser as linguas absolutamente maioritarias nos seus respectivos países, mais os idiomas foráneos principiaron neste período a gañaren utentes en determinadas esferas da sociedade.

No cuarto capítulo, “From the Act of ‘Union’ to the Industrial Revolution” (p. 33-53), descríbese como unha sociedade práctica ou totalmente monolingüe en galés (Crystal 2005: 305) coñece un grande descenso no uso da lingua nos séculos seguintes, motivado mormente por causas políticas. A autora expón como desde a “Act of Union” de 1536, disposicións legais que facían con que Gales ficase definitivamente anexionado ao reino de Inglaterra baixo o poder de Enrique VIII, se deu unha importante volta de parafuso contra o galés; así, nese texto legal sinálase na “Language clause” que ningunha persoa galesfalante podería desempeñar cargos públicos:

And also that frome hensforth no personne or personnes tha use the Welssh speche or langage shall have or enjoy any maner office or fees within the Realme of Englonde Wales or other the Kinges dominions upon peyn of forfaiting the same offices or fees onles he or they use and exercise the speche or language of Englishe (en Davies 2014: 34).

Á marxe da promulgación destas leis, tamén se describe como van sendo abandonados os nomes galeses en favor dos patronímicos ingleses ou como se adaptan pouco a pouco ás influencias anglosaxoas, sobre todo “by the late sixteenth century” (p. 37), práctica tamén detectábel no caso do gaélico de Irlanda a respecto do inglés (cfr. Stenson 2008: 62-64); na realidade, trátase dun proceder equivalente a como no galego se comezan a barbarizar os topónimos xa desde o século XVI e XVII, tal e como se pode ver no *Censo de Pecheros de Carlos V* de 1527 (cfr. CP 2008, I: 145-258) ou a como todos os apelidos do tipo *Fontáns*, *Outeiro*, *Teixeiro* ou *Vilariño* se transforman, nomeadamente desde o século XVIII, en *\*Fontanes*, *\*Otero*, *\*Teijeiro* ou *\*Villarino* (cfr. Ferreiro 1999). Aínda que o proceso de anglosaxonización de Gales continúa nesta época o seu rumbo e o uso do galés segue a devalar pola presión do inglés, Davies, igualmente, indica neste cuarto capítulo como a tradución da Biblia para o galés supuxo un fito digno de nota ao prestixiar a lingua e ao servir o texto bíblico como un “exalted model of correct and majestic Welsh” (p. 41). De feito, unha das causas de que o galés sexa a lingua celta nunhas condicións sociais menos desfavorábeis se comparada co gaélico ou co bretón asenta na vinculación que tivo á liturxia cristiá, o que non aconteceu nestes dous casos.

A quinta sección, intitulada “The Welsh Language in the Era of Industrialization” (p. 55-67), dá conta da situación da lingua nunha etapa de profundas transformacións socioeconómicas e culturais nun país, Gales, eminentemente rural. Unha delas tivo como consecuencia, por exemplo, que a lingua coñecese certas innovacións vocabulares, produto das mudanzas sociais. Davies pondera, neste sentido, como o dicionario inglés-galés de John Walter, dado a lume entre 1770 e 1794, contén “many new words to meet contemporary demands” (p. 58). Isto fainos lembrar como no galego, por volta dos inicios do século XX, tamén se fixo notar a necesidade de anovación lexical para adaptar a lingua ás necesidades de expresión literaria e así a poder tornar nun vehículo apto para todo o tipo de textos. Neste capítulo a autora comenta as diferentes actitudes cara ao galés na primeira metade do século XIX, en que, por causa do sistema educativo en inglés, da presenza do galés na liturxia e da asunción de preconceitos sobre a propia lingua, se chegou a identificar o idioma propio como “the language of sacred matters” e o foráneo como a lingua “of secular matters”.

O seguinte capítulo, de nome “Welsh in the Later Nineteenth Century” (p. 69-85), explica as vicisitudes por que atravesara o galés na segunda metade do século XIX, unha etapa, na opinión de Davies, “extremely complicated”. Nesa segunda parte do século aparece o nacionalismo en Gales, comezan a se estudar academicamente as linguas celtas no ámbito universitario (en Oxford) e aparecen os datos do censo de 1891, o primeiro que ofrece información sobre o número de falantes de galés (en 1851 saíra do lume o dedicado ao gaélico de Irlanda e en 1881 fora publicado o correspondente ao gaélico de Escocia). Nese censo, relativamente ao número de falantes, constátase que arredor de 54.4 % da poboación podía falar nese idioma, en canto tamén se deixa constancia de grandes diferenzas xeográficas neste sentido: 95 % en Cardiganshire e 6 % en Radnorshire.

No capítulo a seguir, denominado “Welsh in the First Half of the Twentieth Century” (p. 87-99), pónense de relevo os censos de 1901 e 1911 e o impacto que a industrialización tivo na demografía e na lingua: de 1.771.451 habitantes en 1891 pasouse para 2.420.921 en 1911, cunha grande proporción de xente vinda da Inglaterra que trouxo consigo o seu idioma e que non se integrou lingüísticamente no galés. Contra as partes finais do capítulo tamén se trata o uso escrito nos anos 20 e 30 e o estado da educación, ben como as consecuencias da *The Welsh Court Act* de 1942, segundo as cales a lingua propia de Gales podía pasar a ser empregada nos xurís, o que non acontecía desde o ano 1536, varrida deses ámbitos polas consecuencias da “Act of Union”.

A oitava parte, baixo a epígrafe “The Second World War and After” (p. 101-157), é a máis longa e a que permite entrever un certo grao de descompensación entre os

capítulos que enforman o traballo, moito embora os temas que desenvolva sexan do maior interese. Nesta sección asistimos a como o galés pasou de ser a lingua empregada por 36.8 % en 1931 a 18.7 % en 1981, isto é, perdendo a metade de falantes en cincuenta anos, aínda que as perspectivas mudaron sensibelmente en favor do galés en finais do século XX. Outras temáticas a que concede atención a autora son a situación do idioma na educación primaria, secundaria e superior, nos medios de comunicación ou na produción literaria; tamén ofrece datos de como a lingua precisou de novos repertorios vocabulares para facer fronte ás necesidades da vida moderna.

Co nome “The Welsh Language Today” (p. 159-178) comeza o capítulo nono. Aquí Davies ofrece unha panorámica sobre a situación da lingua en finais do século XX e nos primordios da centuria seguinte no tocante ao número de persoas que ten coñecementos de galés e á cifra de falantes que o idioma posuía no ano 2011. A teor dos mapas que achega (p. 164, 165), salta a evidencia de como as rexións máis occidentais son aquelas que proporcionan as maiores percentaxes de xente que o coñece ou que o emprega habitualmente e é moito común lermos na literatura especializada que de todas as linguas célticas o galés é a que ten maior vitalidade. Mais estes datos non deben facernos ver que na actualidade o idioma non presenta problemas: así, o censo de 2011 que baralla a autora ilustra como baixou o número de utentes a respecto do ano 2001, xa que de 582.400 neste ano se pasou para 562.000 en 2011 (de 22.8% a 19.0%), o que foi cualificado por Meri Huws, “the newly appointed language commissioner”, como de “very bad news”.

“Welsh and the Other Non-State Languages of Europe” (p. 171-178) encabeza o título da penúltima parte, dedicada a ofrecer unha síntese panorámica do galés a respecto doutros idiomas e variedades lingüísticas europeas que se achán nunhas condicións similares canto ao seu status legal ao corresponderen a linguas sen estado. A autora fai aquí referencia ao alsaciano, bretón, catalán, corso, escocés, friulano, gaélico escocés, occitano, piemontés, sardo, vasco etc. e ao galego, do cal pondera “the added advantage of being very closed to Portuguese, one of the world’s most widely spoken languages” (p. 172). Este capítulo permite remarcar con facilidade, embora sexa brevemente, a alusión con que principiaba o presente traballo, en que afirmabamos que o continente europeo constitúe un ricaz mosaico de culturas e de linguas milenarias.

O derradeiro dos capítulos, “The Characteristics of Welsh” (p. 179-188), ofrece ao público lector algúns dos trazos gramaticais máis salientábes desta lingua celtica e algúns datos de carácter dialectal. Así, grazas a esta parte, obtense información sobre o alfabeto, as orixes do vocabulario, o complexo sistema de “initial mutations” nas consoantes (unha das principais idiosincrasias do galés en consonancia con

outras linguas celtas como o gaélico irlandés ou o bretón), as flexións nominais, os numerais, o sistema de preposicións ou as variedades locais, das cales comentan que, segundo as persoas especialistas, é normal, “considerer that Welsh has six major speech areas; within them, there are a further sixteen minor speech areas” (p. 186). Neste capítulo, a autora deixa constancia de que, relativamente ao inglés, non hai un “received Welsh”, aínda que é normalmente asumido que existen “two forms of Welsh –northern and southern–”, para as cales se costuma facer referencia ás palabras equivalentes para o adverbio galego *agora* e para a preposición *con*: aquel é *nawr* nas falas austrais e *rwan* nas setentrionais, ao paso que nestas se usa (*h*)*efo* como partícula prepositiva e nas do sur se utiliza *gyda* como equivalencia á galega *con*. Pola nosa parte, aínda que os obxectivos da obra son ben diferentes que os de ofrecer unha visión xeral das variedades de galés e dos seus trazos máis característicos, talvez achamos en falta nesta sección unha maior dedicación a esta tipoloxía de temáticas que permitise aprofundarmos en aspectos máis estritamente lingüísticos.

Acompañan o texto dez ilustracións e unha decena de mapas que serven para exemplificaren ou para proporcionaren informacións máis precisas sobre os contidos que van sendo desenvolvidos no texto; especialmente úteis son os mapas, en que se ofrece a evolución territorial do uso do galés. Un “Postscript” (p. 188-189) encerra a obra, no cal a autora sinala esperanzadoramente que a lingua propia de Gales “has a future” baseándose na “the remarkable vitality it has demonstrated over the past generation” que corrobora que esa lingua non dá “sign of waning”, seguido da indicación de referencias bibliográficas recollidas na sección “Further Reading” (p. 191-192) e dun “Index” (p. 193-208).

En definitivo, achamos que o traballo de Janet Davies *The Welsh Language. A History* servirá para, dunha maneira clara e sinxela mais non por iso carente de rigor, dar a coñecer a historia externa unha das linguas que fan parte dese mosaico europeo a que antes se fixo referencia, a cal tivo, como outras, un proceso de aminoración e que loita, tamén como outras, entre elas a galega, por tornar a ser o vehículo de expresión normal do pobo que a xerou e que a deu conservado desde os inicios da nosa era até á actualidade. Facendo unha rápida comparación final entre o percurso histórico-lingüístico de Gales e o da Galiza, chama a atención como se poden detectar coincidencias en ambos procesos (perda de autonomía e de peso político, perda paulatina de falantes do idioma orixinario, prohibicións expresas ou tácitas por parte dos gobernos das nacións colonizadoras para o uso da lingua autóctone, deturpación ou tradución de topónimos e antroponimos etc.), mais tamén permite constatar certas diferenzas, produto das particulares circunstancias e características socioeconómicas dos dous países (a diferente relevancia do galés e do galego na liturxia cristiá, os procesos migratorios e as súas repercusións no uso da lingua, o número de falantes, a diferente distribución

territorial do idioma etc.). Só desexamos que a actual situación que atravesan o galés e o galego sexa capaz de se involucrar e que ambos os países poidan continuar a ofrecer ao mundo as súas respectivas obras de arte máis humanas e colectivas, como son os seus idiomas propios.

*Xosé Manuel Sánchez Rei*

## Referencias bibliográficas

- Baggioni, D. (2004): *Linguas e nacións na Europa* (Ames: Laiovento).
- CP = (2008): *Censo de Pecheros de Carlos V*. 2 vols. (Madrid: Instituto Nacional de Estadística).
- Crystal, D. (2005) [1997]: *The Cambridge Encyclopedia of Language* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Davies, J. (2014): *The Welsh Language. A History* (Cardiff: Gwasg Prifysgol Cymru / University of Wales Press).
- Ferreiro, M. (1999): *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Stenson, N. (2008): *Basic Irish. A Grammar and a Workbook* (London & New York: Routledge).